# TRC DANZA 2018 Teatro Rosalía Castro

## HORARIOS

Todas as funcións representaranse ás 20:30h. agás **Vuelos** que será ás 18:30h.

## ENTRADAS

**TARIFAS:**
**Tarifa A:** 12,00 €
**Tarifa Especial:** 10,00 €
**Tarifa B:** 8,00 €
**Tarifa Vuelos:** 8,00 €. Abono 3 familiar: 20,00 €. Menores 3 años: 2,00 €

**DESCONTOS:**
Carné xove, + 65 anos, desempregados: **-20%**
Grupos + 20 persoas en compra anticipada: **-50%**
Familias numerosas: **-25%**

**BONO TRCDANZA - DESCONTO PROGRESIVO:**
- Solicita o teu bono TRCDanza na taquilla do teatro a primeira vez que asistas a unha das funcións do programa e verás como a túa fidelidade coa danza vese recompensada.
- Gozarás de descontos progresivos no precio da entrada a medida que avance o programa.
- O bono é gratuito, persoal e non transferible e ten a duración dun ano.
- Non te esquezas de traelo contigo cada vez que veñas ao teatro.
- Máis información na taquilla do teatro.

## DESPACHO DE BILLETES

**DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE**
De luns a venres, excepto festivos de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

**DESPACHO DE BILLETES TEATRO ROSALÍA CASTRO**
Aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00h.

**TELEVENDA 902 044 226**
Luns a venres de 9:00 a 22.00h.
Sábados de 14:00 a 22:00h.
Domingos de 16:00 a 21:00h.

**www.ticketea.com**
Servizo permanente 24h.

## PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.

CORUÑA >PRÓXIMA
TEATRO ROSALIA CASTRO A CORUÑA

www.coruna.es/cultura
www.pe-trcdanza.gal

Depósito legal: C536-2018

COMPAÑÍA SHARON FRIDMAN » DANZA MODERNA

OUTUBRO / XOVES 11 | 50 min. | TARIFA A

## ALL WAYS

ESPECTÁCULO SELECCIONADO CATÁLOGO DANZA A ESCENA

Cada quen ten ante si múltiples camiños pero soamente un deles o levará a el mismo. Quizáis a liberdade consista en percibir sempre os camiños e seguir tan só aquel que é chamado a percorrer.

O camiño que atravesamos aquí transcorre por cinco paisaxes anímicos: a perda, a búsqueda, o sono, o enamoramento e a construcción. Máis alá da peregrinación espera o ceo, a estrela, o cosmos... o sentido de estar suspendidos neste vacío innombrable.

Paxaro negro, pomba branca, no é o medo o que habita o vento, non vos alonxedes do voso niño e volvede á fonte na que saciarvos.



**INTÉRPRETES:** MELANIA OLCINA, DIEGO ARCONADA, TANIA GARRIDO, RICHARD MASCHERIN, LUCÍA MONTES E JUAN CARLOS TOLEDO (BAILARINES), FÁTIMA CUÉ (VOZ)
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** COREOGRAFÍA: **SHARON FRIDMAN** / DIRECCIÓN: **SHARON FRIDMAN** / DESEÑO DE VÍDEO PROXECCIÓN EN VIVO: **OFER SMILANSKY** / VESTIARIO: **MIZO, BY INBAL BEN ZAKEN** / MÚSICA ORIXINAL: **DANSKI - IDAN SHIMONI** / DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **OLGA GARCÍA (AAI)** / SONIDO: **IÑAKI RUIZ MAESO**

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · INAEM INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA · DANZA A-ESCENA · La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

LAMACANA » DANZA CONTEMPORÁNEA

OUTUBRO / SÁBADO 20 | 70 min. | TARIFA B

## PINK UNICORNS

A nova creación de LaMacana -a compañía formada por Caterina Varela e Alexis Fernández- pon enriba do escenario ao propio Alexis co seu fillo de catorce anos. Un auténtico desafío que nos fará gozar das marabillas da relación pai e fillo, da pericia de cada un.

*Pink Unicorns* conta ca coprodución do Agadic en Galicia e de dous importantes teatros en Alemaña: o Theater im Pumpenhaus e o Theater Bremen.

**INTÉRPRETES:** ALEXIS FERNÁNDEZ & PAULO FERNÁNDEZ
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** CREACIÓN: **SAMIR AKIKA, CATERINA VARELA & ALEXIS FERNÁNDEZ** / DRAMATURXIA: **CATERINA VARELA** / ESPAZO: **TILO SCHRIECK**
ILUMINACIÓN: **ALFONSO CASTRO**

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



PISANDO OVOS EN COPRODUCIÓN CON AGADIC - XUNTA DE GALICIA » DANZA CONTEMPORÁNEA

OUTUBRO / MÉRCORES 31 | 60 min. | TARIFA B

## DIRECTO 9

Unha peza sobre o directo, un concerto onde os corpos son os protagonistas, e non só os corpos dos bailaríns.

*Directo 9*, a novena peza de Pisando Ovos e primeira na que Rut Balbís non forma parte do elenco: un proxecto para un Dj e dous bailaríns. Directo 9 ten como eixe principal o concepto de concerto/reunión. Directo 9 ten como base a construcción escénica do espazo e o son en directo, no momento presente. Directo 9 busca crear unha peza onde o corpo mostre todo o seu potencial. Directo 9 crea un lugar de encontro sen barreiras entre o intérprete-artista e o espectador. Directo 9 invita a todos os asistentes a compartir ese salto ou vibración ou movemento conxunto que nos fai tolear nos concertos de masas.




**INTÉRPRETES:** FRAN MARTÍNEZ, JAS PROCESSOR / BAILARÍN/A: **POR CONFIRMAR**
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** CREACIÓN E DIRECCIÓN: **RUT BALBÍS** / AXUDANTE DIRECCIÓN: **JANET NOVAS** / DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **AFONSO CASTRO** / DESEÑO ESPAZO SONORO E DESEÑO GRÁFICO: **JAS PROCESSOR** / PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN E FOTOGRAFÍA: **MANU LAGO** / VÍDEO: **MIRAMEMIRA**

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

CIENFUEGOSDANZA » DANZA NEOCLÁSICA

NOVEMBRO / VENRES 9 | 50 min. | TARIFA A

## 88 AZUCENAS Y UN PERRO

ESPECTÁCULO SELECCIONADO CATÁLOGO DANZA A ESCENA

DANZA EN ESTADO PURO

*El público* de Lorca, o dadaísmo ou o surrealismo sírvenos como marco ideolóxico e estético para desenvolver e unificar a obra. Xerar pontes entre ese onte que se fai tan presente no hoxe.

*88 Azucenas y un perro* non trata de ser ningunha manifestación panfletaria sobre novas ideas políticas ou sociais, senón trata de investigar sobre a situación do individuo ante estas circunstancias que afectan tan profundamente ao noso presente e ao noso futuro.

Unha peza sensible a unha contorna social.



**INTÉRPRETES:** MAYNOR CHÁVES, SARA LÓPEZ, EDOARDO RAMÍREZ, LAURA GARCÍA, BEGOÑA QUIÑONES, SARA CANO, GAIZKA MORALES, PALOMA GALIANA
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** DIRECCIÓN E AUTORÍA: **YOSHUA CIENFUEGOS** / DIRECCIÓN: **YOSHUA CIENFUEGOS** / VESTIARIO: **Y. CIENFUEGOS** - REALIZADO POR: **CARMEN SORIANO** MÚSICA: **JESÚS SERRANO** / ILUMINACIÓN: **VÍCTOR ANTÓN** / SON: **JESÚS SERRANO**

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · INAEM INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA · DANZA A-ESCENA · La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

JESÚS RUBIO GAMO » DANZA CONTEMPORÁNEA

DECEMBRO / SÁBADO 1 | 55 + 15 min. | TARIFA B



## AHORA QUE NO SOMOS DEMASIADO VIEJOS TODAVÍA

*Ahora Que No Somos Demasiado Viejos Todavía* é un solo feito de danza e escritura sobre a miña situación actual. Sobre Madrid, a xente que teño ao redor, os seus desexos e expectativas, e sobre todos eses paraísos perdidos nos que unha vez cremos e aos que aínda lles seguimos bailando.

**INTÉRPRETES:** JESÚS RUBIO GAMO **EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** TEXTO: **JESÚS RUBIO GAMO** / MÚSICA: **RYUICHI SAKAMOTO** / DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **CARMEN MARTÍNEZ** DESEÑO DE VESTUARIO: **NALDI FERNANDES** / ACOMPAÑAMENTO ARTÍSTICO: **MARTA ALONSO Y ELENA CÓRDOBA** / FOTOGRAFÍA: **GABY MACIEL**

## BOLERO

*Bolero* é unha peza sobre a obstinación, sobre o límite entre o lixeiro e o grave, sobre o tránsito entre o pracer e o esgotamento. Tamén podería dicir que é un baile sobre o paso do tempo, as relacións que duran 'toda unha vida' e as imaxes que lembro dos meus pais cando eran novos. Ten algo da paisaxe actual que percibo na cidade de Madrid e é, desde logo, algo parecido á melodía do Bolero de Ravel, ao amor, ás coplas e a outros boleros: unha cousa que, de tanto usala, case sempre acaba por romper.

**INTÉRPRETES:** CLARA PAMPYN Y ALBERTO ALONSO **EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** COREOGRAFÍA: **JESÚS RUBIO GAMO** / MÚSICA: **MAURICE RAVEL** / ASISTENTE DE COREOGRAFÍA: **JORGE BREA** / VESTIARIO: **NALDI FERNANDES**

DANIEL ABREU » DANZA CONTEMPORÁNEA

DECEMBRO / VENRES 14 | 60 min. | TARIFA ESPECIAL

## LA DESNUDEZ

Este espectáculo fai uso de luces estroboscópicas.

*La Desnudez* vira ao redor da beleza das cousas. Segundo Dácil e Abreu, este traballo podería titularse Xeografía, porque trata de recompoñer e revisitar o que hai, xa sexa un corpo material ou un impulso.

Unha xeografía de instantes e obxectos que nos falan dese camiño que vai do amor á morte, chea de cambios rápidos como cando moitos ollos miran á vez a mesma cousa.

Daniel Abreu (1976) é Premio Nacional de Danza por ser dono dunha linguaxe persoal e pola creación dun universo innovador e arriscado.

«Non por estar máis maiores imos deixar de movernos, é máis, o corpo dos corenta anos case pide moverse máis, construír cos últimos alentos da enerxía reprodutiva».

**Daniel Abreu**



**INTÉRPRETES:** DÁCIL GONZÁLEZ E DANIEL ABREU **EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:** DIRECCIÓN, COREOGRAFÍA E ESPAZO: **DANIEL ABREU** / MÚSICO: **HUGO PORTAS** MÚSICA: **TARQUINIO MERULA, CLAUDIO MONTEVERDI, GABRIEL FAURÉ E HENRY PURCELL** ILUMINACIÓN: **IRENE CANTERO** / REALIZACIÓN DE ESCULTURA: **DAVID BENITO** REALIZACIÓN DE VESTIARIO: **ANGELES MARÍN** / COORDINACIÓN TÉCNICA: **DAVID BENITO** COPRODUCCIÓN: **TEATROS DEL CANAL E FESTIVAL DANZATAC**

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

## 25º FITEUC DANZA 2018

MÉRCORES 11 ABRIL

**ANOMALOUTRAS** DOUTRAS
Universidade de Vigo, Campus de Ourense.
Dirección: **Cristina Vilariño.**

**SILENCIO** COMPAÑÍA DE DANZA DA USC-LUGO
Universidade de Santiago de Compostela.
Dirección: **Juan Carlos Zahera.**
Coreografía: **Rosa Acuña.**

**VERBENA FINAL. 10 ANOS DE GRANDES HITS** DANZA NORMAL
Universidade da Coruña.
Dirección: **Rut Balbis.**

+ as intervencións de DANZA 2. Universidade da Coruña.
Dirección: **Rut Balbis.**

Entradas: **Acceso libre ata completar aforo.**

XOVES 12 ABRIL

**VOLUTAS** COMPAÑIA INDEPENDENTE USC - LES BRAVES
Coreografía: **Daniel Lezso.**

**SUSTANCIA COMPOSTA** DANZA FERROL
Universidade da Coruña.
Dirección: **Cristina Montero.**

**VERBENA FINAL. 10 ANOS DE GRANDES HITS.** DANZA NORMAL
Universidade da Coruña.
Dirección: **Rut Balbis.**

+ as intervencións de DANZA 2. Universidade da Coruña.
Dirección: **Rut Balbis.**

Entradas: **Acceso libre ata completar aforo.**

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## PROXECTO PROGRAMACIÓN EXPANDIDA

Desde o ano 2014 o Teatro Rosalía Castro acompaña o seu programa anual de danza TRCDanza cun proxecto innovador de mediación cultural e programación expandida.

Este proxecto articula mecanismos de relación entre os artistas convidados e os cidadáns da Coruña coa intención de xerar un contexto na cidade que poña en valor a danza e as artes do movemento.

A través de diferentes actividades, pensadas en colaboración con distintas comunidades e colectivos da cidade, poderemos coñecer de forma máis profunda os universos artísticos das compañías convidadas así como reforzar os seus vínculos ca nosa cidade.

Toda a información relativa a este proxecto e as súas actividades serán difundidas ao longo do ano mediante as canles propias do TRC.

**www.facebook.com/trcdanza**
**www.pe-trcdanza.gal**

**ORGANIZA:** CORUÑA >PRÓXIMA

**COLABORA:** AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · centro coreográfico galego · universidadesenior A CORUÑA / FERROL · XUNTA DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA





FÉLIX FERNÁNDEZ » DANZA - PERFORMANCE

ABRIL / SÁBADO 21 | 50 min. | TARIFA B

# 50 MINUTOS DE SIMULACIÓN PROGRAMADA

Este traballo nace dun xesto estereotipado, dunha construción consensuada e dirixida de como deben ser as cousas; nace dunha norma elaborada, a conciencia, coa intención de manter a orde establecida. A disidencia preséntase por tanto como un mal síntoma, o librepensar de Orwell en "1984" será un castigo que o individuo, ou máis ben o usuario desta realidade, non debe inflinxirse. Todo está preparado para esta experiencia onde o fundamental non é saber escoller entre as diferentes opcións xa que todas conducen ao mesmo camiño, senón buscar o lugar adecuado para gozar dun entretemento integral.

*50 minutos de simulación programada* é unha experiencia escénica que se desenvolve baixo unha estética do videoxogo habitada por dous avatares que desenvolven accións vinculadas ás súas respectivas identidades cosplay. Bastará con este par de personaxes de identidades polarizadas e unha escenografía que nos remita a todos eses lugares que habitamos diariamente para que o noso disco duro interno atope arquivos de memoria extrañamente similares ao que presenciemos en escena.

**INTÉRPRETES:** FÉLIX FERNÁNDEZ **EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** DIRECCIÓN, DRAMATURXIA, GUIÓN, MÚSICA, VISUAIS, ESPAZO SONORO: **FÉLIX FERNÁNDEZ**
VOZ EN OFF: **JAS PROCESSOR** / DIRECCIÓN COREOGRÁFICA: **RUT BALBÍS**
ASESORAMENTO ESCÉNICO: **IDOIA ZABALETA** / DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **ALFONSO CASTRO**
VESTIARIO: **REBECA DURÁN E FÉLIX FERNÁNDEZ**

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · galicia · XUNTA DE GALICIA · GADIS

LASALA » DANZA CONTEMPORÁNEA

ABRIL / SÁBADO 28 | 60 min. | TARIFA A

# NOW

ESPECTÁCULO SELECCIONADO CATÁLOGO DANZA A ESCENA

Unha paréntese no tempo. Un espazo onde reflexionar sobre as expectativas creadas tempo atrás e sobre o realmente logrado.

A peza ten como punto de partida a seguinte fábula: a águia real americana é a ave que posúe a maior lonxevidade da súa especie, chega a vivir ata 70 anos. Aos 40 anos, as súas uñas curvas e flexibles non conseguen agarrar ás presas das que se alimenta, o seu pico alongado e puntiagudo comeza a curvarse apuntando contra o peito perigosamente, e as súas ás, envellecidas e pesadas polas grosas plumas fan que voar sexa unha tarefa moi complicada.

É entón, cando a águia ten que tomar unha decisión e só ten dúas alternativas: deixarse morrer, ou enfrontar un doloroso proceso de renovación que durará uns cento cincuenta días. Ese proceso consiste en voar cara ao alto dunha montaña e refuxiarse nun niño próximo a unha parede, onde non necesite voar. Entón, a aguia xa refuxiada comezará a golpear o seu pico contra a parede ata conseguir arrincalo. Unha vez amputado, terá que esperar a que naza un novo pico co que, despois, terá que arrincar as súas vellas uñas. Cando as novas uñas comezan a nacer, será o momento para desprenderse das súas vellas plumas arrincándollas co seu novo pico. Despois de cinco meses moi duros, a águia real sairá vitoriosa executando o seu famoso voo de renovación e entón disporá de 30 anos máis de vida.

**INTÉRPRETES:** CARLA DIEGO / PAULA PARRA, SERGIO MOYA, RAFLKE VAN HUOPLINES, JAIOTZ OSA, GARAZI ETXABURU, ÁNGELA ARRIETA, JEAN BAPTISTE TOLOSANA.
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** AUTOR DIRECCIÓN: **JUDITH ARGOMANIZ** / ESCENOGRAFÍA: **IONPA MARTIKORENA, EDUARDO ANDRÉS** / DESEÑO ILUMINACIÓN: **GABO PUNZO**
VESTIARIO: **XABIER MÚJIKA** / COREOGRAFÍA: **JUDITH ARGOMANIZ**

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem · DANZA A·ESCENA · REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

ABRIL / DOMINGO 29 | 210 min. | ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

# DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

As portas do teatro ábrense para vós! Celebramos o Día Internacional da Danza 2018 cunha xornada de portas abertas no escenario do propio Teatro Rosalía Castro.

De 10 a 11 horas comezamos cunha práctica de danza en familia aberta a rapaces e rapazas de tódalas idades e aos seus familiares, para seguir de 11.30 a 13.30 horas cunha práctica combinada de Lindy Hop e danza contemporánea, unha sesión de iniciación para achegarse a estes dous estilos de danza e disfrutar dunha mañá divertida e en movemento cos teus amigos e familiares.



JAVIER MATÍN » INSTALACIÓN, PERFORMANCE, ACCIÓN CONTEMPORÁNEA, INVESTIGACIÓN

MAIO / SÁBADO 12 | 50 min. | TARIFA B

# MÉTODO NEGRO

"Desde unha posición relativa de debilidade, permitindo a forma. Na fame emite metodoloxía, e trazo. Distonía, técnica. Non se pode explicar a auga, coméntase.

É polos movementos aberrantes que se abisma en fragmentos, o ensino non enunciado dunha arte escura que pon a vibrar soidade e silencio. Non baila. Retórcese, treme, quebra, cae, dá un paso. Nun virar sen eixo, fabrica unha nova sensibilidade."

Consta dun proceso de creación continuo, que sostén a convocatoria de grupos de traballo temporais. A intención é a de situar nos corpos os contidos que conforman as texturas de movemento de *Método Negro*, desenvolvendo unha deriva investigadora en comunidade, nun corpo ampliado ou ácrata. Trátase de permitir a inferencia e a crítica, enriquecendo a coreografía na co-emerxencia do fenómeno, e compartir coñecemento. Unha práctica en código aberto.



**INTÉRPRETES:** JAVIER MARTÍN **EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:**
COREÓGRAFO, CONCEPTO, ESCENOGRAFÍA E TEXTOS: **JAVIER MARTÍN**
LUZ: **OCTAVIO MÁS** / ASISTENCIA DE DIRECCIÓN: **SABELA MENDOZA**
VESTIARIO E TRABALLO PLÁSTICO: **MARIETA GONZÁLEZ E MANOLO CREMALLERA**
FOTOGRAFÍA: **CARLOS BERNAR**

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · galicia · XUNTA DE GALICIA · GADIS

FERNÁNDO LÓPEZ » DANZA FLAMENCA E ESPAÑOLA

MAIO / SÁBADO 26 | 60 min. | TARIFA B

# BAILAR EN HOMBRE

ESPECTÁCULO SELECCIONADO CATÁLOGO DANZA A ESCENA

*Bailar en hombre* é un espectáculo que trata sobre a evolución dos códigos de xénero e sexualidade dentro do flamenco ao longo do século pasado.

A peza ten como fío condutor o percorrido de diferentes versións da Farruca, un xénero dancístico flamenco creado a principios do século XX e que se converteu, co transcurso dos anos, en emblema da masculinidade e do chamado "baile de home".

As relacións entre home e muller e as diferentes manifestacións de masculinidade e feminidade son algunhas das cuestións que, de maneira artística e pedagóxica, son tratadas neste espectáculo para ofrecer unha visión panorámica sobre as súas variacións antes, durante e despois do franquismo.

**INTÉRPRETES:** IRENE HERNÁNDEZ DÍAZ, FERNANDO LÓPEZ
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** AUTORÍA: **FERNANDO LÓPEZ** / DIRECCIÓN: **ELIA RODIERE** / ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: **FERNANDO LÓPEZ** / MÚSICA: **VVAA**
ILUMINACIÓN E SON: **JORGE PASCUAL LOBATO**





GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem · DANZA A·ESCENA · REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

LOSDEADE » DANZA CONTEMPORÁNEA

MAIO / MARTES 29 | 60 min. | TARIFA B

(PROGRAMACIÓN VII ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN)

# BLACK APPLE Y LOS PÁRPADOS SELLADOS

"O matrimonio Castel, que apenas ten protagonismo en A peste de Albert Camus, son o punto de partida deste montaxe de danza que profundiza no deterioro da parella, na incomunicación, na construcción do amor e o desamor, no entorno duhna sociedade en decadencia"

**INTÉRPRETES:** PALOMA SÁINZ - AJA E CHEVI MURADAY
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** DIRECCIÓN ARTÍSTICA E COREOGRAFÍA: **CHEVI MURADAY** / DIRECCIÓN DE ESCENA: **DAVID PICAZO** / TEXTOS: **PACO TOMÁS**
DESEÑO DE VESTUARIO: **PACO DELGADO** / AMBIENTE SONORO E EDICIÓN MUSICAL: **RICARDO MILUY** / DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **DAVID PICAZO**
ESCENOGRAFÍA: **LOSDEDAE** / TÉCNICOS: **MISERIA & HAMBRE PRODUCCIONES**
ASISTENTE DIRECCIÓN / REPETIDORA: **MANUELA BARRERO**



SETEMBRO / SÁBADO 15 | TARIFA B

# OASIS PARAÍSO

Oasis Paraíso é un programa triple composto por distintos traballos que foron desenvoltos durante o programa de Residencias Paraiso 2017, un programa de residencias artísticas para as artes vivas en Galicia impulsado polo Colectivo RPM co apoio do AGADIC.



## 2419CJX

A velada comeza co traballo en proceso *2419CJX* de Begoña Cuquejo e María Roja. Unha proposta que explora as formas de vida actuais, particularmente no obrigado nomadismo que estas parecen abocar os corpos. Á vez, entretécese unha reflexión sobre a violencia estrutural e de xénero que subxace nos conceptos tradicionais do verbo casar e do sustantivo casa, confrontándose con ela a través do accionar disidente de dous corpos de sexo feminino en escena, ata derivar nunha tentativa por parte das actuantes de construír no espazo escénico unha sorte de casa eventual que cohabitar co público presente.

## AS VACACIÓNS MÁIS LONGAS

Con *As vacacións máis longas*, Diego M. Buceta toma o relevo da noite. Igual que Allen soñaba con Rockland e cunha loga viaxe por mar ata a porta da súa casa de campo na noite de Occidente, el soña con chegar despois dunha longa travesía ata esa paisaxe rochosa onde xa non soa máis que o zoar do vento. Un saco de ósos que vaga arrastrado coma un cadáver vivo que busca elevarse ata desaparecer, mesturándose co po e as estrelas. E así deixar de ser algo. E así ser felizmente parte de todo.

## BARBA INGUINAL

Para rematar este programa triple Ailén Kendelman e Areta Bolado convértense en Peluda Queen e Dona Lambecricas en *Barba inguinal*, un proxecto de reggaetón feminista intereseccional que nace como filla bastarda do reggaetón machista comercial. Esta proposta de música e movemento xurde da necesidade persoal e artística das creadoras de dar unha resposta á violencia patriarcal do noso contexto dende unha óptica de feminismo radical. Barba Inguinal é corpo, música e activismo.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

ARACALADANZA » DANZA MODERNA E CONTEMPORÁNEA. PÚBLICO FAMILIAR

OUTUBRO / SÁBADO 6 | 50 min. | TARIFA VUELOS

# VUELOS

As ás da imaxinación fannos libres
... ao despregalas, descubrimos un universo de sonos
que nos devolve imaxes,
dibuxan a nosa anatomía
xogan coa xeometría
e descubrennos a perspectiva.
Permítenos voar.
Ver a natureza (tamén a nosa).
E xunto aos sonos, encontrar as nosas ambicións máis secretas.
Unha viaxe a cabalo convírtenos en aves
con ás que secretamente desexamos.
E ceando divertidos (¡esa última cea, que repetimos incansables!):
¡Bienvidos ao xogo!
¡Ao sono!

**INTÉRPRETES:** JIMENA TRUEBA TOCA, JONATAN DE LUIS MAZAGATOS, CAROLINA ARIJA GALLARDO, JORGE BREA SALGUEIRO, RAQUEL DE LA PLAZA HÚMERA
**EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO:** IDEA E DIRECCIÓN: **ENRIQUE CABRERA** / COREOGRAFÍA: **ARACALADANZA** / ASISTENTES: **RAQUEL DE LA PLAZA E JIMENA TRUEBA TOCA** / COMPOSICIÓN MÚSICA ORIXINAL: **LUIS MIGUEL COBO** / DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: **ELISA SANZ**
DESEÑO DE ILUMINACIÓN: **PEDRO YAGÜE** / DESEÑO DE VIDEOESCENA: **ÁLVARO LUNA** / DESEÑO E REALIZACIÓN DE ATREZO: **RICARDO VERGNE** / ASESORAMENTO DE MARIONETAS: **EL NUDO COMPAÑÍA TEATRAL**



GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem · DANZA A·ESCENA · REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS